

Seremos un amencer?

Despois da noite chega o día, chegan 24 novas horas para que as esperanzas e os soños se poidan completar. E penso en ti. En todo o que poderemos ser, poderemos intentar e poderemos lograr. Non desisto, senón que insisto, con máis énfase se cabe. Os raios de sol amencen peiteando os teus cabelos, debuxando un mapa de cores nos teus ollos e eu leo neles un cadro abstracto: intelixible para o meu coñecemento pero remóveme na cadeira. Incómoda, na chegada da noite viras as costas, decides non mirarme e rematas cun “o luscu fusco por nós decidirá”. E así es ti, indecisión personificada, movéndote entre o día e a noite, entre o amencer e a morte do sol, entre o lusco e o fusco.